



A ESTRATEXIA NEOLIBERAL PARA A EDUCACIÓN

Sindicato de Traballadoras e Traballadores do Ensino de Galiza

A ESTRATEXIA NEOLIBERAL PARA A EDUCACIÓN

A educación actual atópase nunha das peores encrucilladas dos últimos tempos, sometida a unha dobre agresión: a imposición dun novo paradigma neoliberal e ás consecuencias das medidas antisociais coas que os nosos gobernos pretender superar a crise.

A ideoloxía neoliberal que agora todo o impregna está facendo mudar o paradigma no que se sustentaba ata agora o sistema educativo que fomos quen de construír en Galiza e no Estado desde a transición: un modelo que considera a educación como un dereito universal e un ben público que a Administración ten a obriga de garantir. Un modelo que entende a educación como un factor de desenvolvemento persoal, de emancipación social e unha das principais liñas que fan posible unha sociedade cohesionada, inclusiva e xusta. O novo modelo, avalado polas directrices de organismos supraestatais como o Banco Mundial, a OCDE, o FMI, a OMC e a UE, **parte da base de que a educación é un ben individual que ten un valor básicamente económico e que, polo tanto, debe estar sometido ás leis do mercado como calquera outra mercadoría.** A educación, xa que logo, pasa a estar sometida ao servizo da economía nunha dobre vertente: por unha banda, deber ser “adaptable” ás necesidades das empresas e do mundo laboral; e doutra, debe ser “rendible” e polo tanto xestionada con criterios empresariais e susceptible de ser un negocio privado.

A privatización é un dos elementos básicos do novo modelo educativo, o que se concreta na consolidación e ampliación dunha dobre vía, cun aumento dos centros privados concentrados, cun aumento das etapas educativas que reciben subvencións públicas (agardemos polas consecuencias da “reforma do Bacharelato”) e cun aumento das cantidades adicadas á concertación. O resultado é unha maior cantidade de diñeiros públicos xestionados por patronais privadas, unha maior fractura social de nivel sociocultural, económico, de orixe cultural, entre ámbito rural e urbano... entre o alumnado de centros públicos e privados concertados, e un control ideolóxico por parte dos centros relixiosos dunha boa parte da nosa infancia e xuventude. Acelérase tamén a externalización dos servizos educativos como comedor, avaliación, tramos educativos como a educación 0-3, a formación profesional, etc..

Dentro desta ideoloxía xoga un papel fundamental a noción da “autonomía dos centros”. O xeito neoliberal de entender a “autonomía” implica o traspaso de responsabilidades da administración cara ao profesorado. Unha vez establecida a autonomía dos centros, os resultados xa non son responsabilidade do sistema, nin da administración, senon do propio centro, é dicir, dos docentes que traballan nel. Desde esta perspectiva, o goberno xa non é o responsable de dotar dos recursos necesarios aos centros e de garantir a calidade do servizo, deixando en mans dos “xestores educativos” a responsabilidade de proporcionar unha educación de calidade. Esta concepción da autonomía dos centros está estreitamente ligada á avaliación de resultados, e, polo tanto, á posibilidade de comparar os centros segundo os mesmos, feito que implica, en última instancia, a posibilidade de subministrar información para que as nais e os pais poidan escoller onde matricular ás súas fillas e aos seus fillos. O efecto que se consegue é o contrario ao supostamente pretendido... acaban sendo os centros mellor valorados os que poden escoller a que alumnado admitir, aumentando deste xeito a discriminación social a través da escola.

Por se non había problemas abondo, vai chegar a grande crise, a tiranía dos mercados e as novas medidas antisociais e antilaborais coas que o goberno pretende facernos crer que sairemos da crise: recortes nos orzamentos nos servizos públicos, menos profesorado, máis alumnado por aula, máis precariedade laboral para o profesorado interino e substituto e os previsibles recortes nos salarios dos docentes.

Neste contexto, unha cuestión fundamental é saber se toda a sociedade é consciente da importancia que ten o tipo de educación da que nos dotemos, da importancia que ten unha educación pública e maioritaria para a cohesión social, para o desenvolvemento económico e para a mellora das relacións sociais. Unha sociedade dividida, con guetos e exclusións, unha sociedade que non pode ofrecer unha educación de calidade a toda a súa cidadanía, que non pode ofrecer unha educación en valores positivos -de solidariedade en vez de individualismo e competitividade-, está destinada a alimentar a inestabilidade e o aumento da confrontación social.

Por todo iso é imprescindible que o debate sobre a educación traspase os muros das escolas e chegue a todos os sectores sociais. Somentes a loita colectiva, de traballadoras e traballadores do ensino, de nais e pais, de estudantes e da sociedade no seu conxunto, pode parar este ataque sen precedentes e salvar esta escola nosa pública que tanto nos costou conseguir e que agora nos queren quitar.